

MINISTERIO DE ADMINISTRACIONES PÚBLICAS

13981 *REAL DECRETO 835/2003, do 27 de xuño, polo que se regula a cooperación económica do Estado ós investimentos das entidades locais.* («BOE» 166, do 12-7-2003.)

A Constitución de 1978 imponse ó Estado o deber de promover un desenvolvemento económico harmonioso que garanta o principio de solidariedade. Esta esixencia explica que estes criterios inspirasen a configuración do sistema de cooperación económica do Estado ós investimentos das entidades locais, a regulación regulamentaria dos cales se encontra contida, principalmente, no Real decreto 1328/1997, do 1 de agosto. O principio de solidariedade ten un contido primario de natureza económica, que obriga a velar polo establecemento dun equilibrio económico, adecuado e xusto, entre as diversas partes do territorio español; de aí o deber constante de procura-la superación das desigualdades territoriais no desenvolvemento económico, esforzo que no ámbito local se leva a cabo principalmente mediante a contribución a dotacións en infraestrutura tales como as redes de transporte, de fornecemento de enerxía eléctrica, instalacións sociais, culturais e deportivas e, en xeral, todos aqueles equipamentos caracterizados por seren eminentemente públicos.

Por outra parte, as entidades locais teñen autonomía para o exercicio das súas competencias e para a prestación dos servizos que lles están encomendados. Dado que os instrumentos de acción pública máis respectuosos co principio de autonomía son aqueles que se articulan sobre a base da cooperación, o Estado colabora economicamente coas entidades locais para garanti-la prestación dos servizos que son da súa competencia, algúns mesmo legalmente impostos.

Gracias a estes mecanismos, e sen esquecer-la asistencia económica recibida a través das intervencións da Unión Europea, foi posible non soamente corrixi-la maior parte dos desequilibrios intermunicipais en materia de infraestruturas e equipamento, senón tamén dota-los diferentes núcleos de poboación da práctica totalidade dos servizos locais mínimos e obrigatorios establecidos no artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, segundo a información contida na Enquisa de infraestrutura e equipamentos locais.

Por todo isto, sen menoscabo da continuidade desta liña de cooperación coas entidades locais que lles permita garanti-la amplitude e calidade logradas na prestación dos seus servizos públicos básicos, é chegado o momento de perseguir obxectivos máis amplos. Esta reforma pretende abri-la cooperación estatal a outros ámbitos como é a inclusión de novos proxectos singulares e innovadores en materia de desenvolvemento local e urbano, contribuíndo a investimentos localizados que teñan un efecto socioeconómico dinamizador.

Dado que é un deber constitucional impulsa-lo crecemento e o progreso económico e social, e que as entidades locais, a fin de satisfaceren as necesidades e aspiracións da súa comunidade, demandan axuda para desprega-las amplas potestades que teñen nesta materia, todo isto no ámbito das súas respectivas competencias, o Estado pretende apoiar aquelas iniciativas

locais de investimento que teñan como finalidade o fomento do desenvolvemento local e urbano do seu territorio.

Finalmente, a reforma pretende, ademais da eficacia na consecución dos obxectivos da cooperación económica do Estado, a máxima eficiencia na xestión dos recursos, para o cal se establecen procedementos co obxecto de axiliza-la tramitación da totalidade dos fondos do Estado dispoñibles en cada exercicio, así como a realización dos investimentos programados polas corporacións locais.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 27 de xuño de 2003,

DISPONGO:

CAPÍTULO I

Da cooperación económica do Estado ós investimentos das entidades locais

Artigo 1. *Obxectivos da cooperación económica local.*

O Programa de cooperación económica local do Estado ten como obxectivos:

- a) Contribuír á realización dos investimentos locais incluídos nos plans provinciais e insulares de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal.
- b) Contribuír nas intervencións comunitarias cofinanciadas polo Programa de cooperación económica local.
- c) Fomenta-lo desenvolvemento local e urbano promovido polas entidades locais a través da execución de proxectos singulares.

Artigo 2. *Instrumentación da cooperación económica local.*

1. A cooperación do Estado ós investimentos das entidades locais instrumentarase economicamente cos créditos consignados nos orzamentos xerais do Estado, na sección correspondente do Ministerio de Administracións Públicas, a través do Programa de cooperación económica local do Estado.

2. Unha vez presentado polo Goberno o proxecto de Lei de orzamentos xerais do Estado ó Congreso dos Deputados, a Secretaría de Estado de Organización Territorial do Estado informará a Comisión Nacional de Administración Local, con anterioridade ó 31 de outubro de cada ano, das previsións orzamentarias do Programa de cooperación económica local.

Artigo 3. *Estructura da cooperación económica local.*

1. A cooperación económica local estará integrada polas seguintes liñas de axuda:

- a) Achega ós investimentos incluídos nos plans provinciais e insulares de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, con prioridade daquelas necesarias para a efectiva prestación dos servizos obrigatorios enumerados no artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, sen prexuízo de se poderen incluír outras obras e servizos que sexan de competencia municipal, de acordo co establecido no artigo 25 da mesma lei.

Igualmente, con cargo a esta liña, poderán obter subvención estatal os proxectos de obra de mellora e con-

servación da rede viaria de titularidade das deputacións provinciais, co límite do 30 por cento da subvención asignada ó Plan de cooperación ás obras e servicios de competencia municipal da correspondente provincia.

b) Achega ás intervencións comunitarias aprobadas pola Comisión da Unión Europea cofinanciadas polo Programa de cooperación económica local.

c) Achega a proxectos singulares de desenvolvemento local e urbano.

2. A cooperación do Estado ós plans provinciais e insulares, así como ás intervencións comunitarias, realizarase a través das deputacións provinciais, cabidos e consellos insulares e comunidades autónomas uniprovinciais non insulares, de acordo co establecido na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e no texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril. Estas entidades terán a consideración de beneficiarias das subvencións estatais e asumirán a totalidade de dereitos e obrigas inherentes a tal condición fronte ó Ministerio de Administracións Públicas.

3. A cooperación económica do Estado ós proxectos singulares de desenvolvemento local e urbano realizarase directamente coas entidades locais solicitantes e beneficiarias da subvención.

Poden solicitar e obter subvencións para esta finalidade:

a) Os municipios capitais de provincia e os municipios con poboación superior a 50.000 habitantes.

b) As deputacións provinciais, cabidos e consellos insulares e comunidades autónomas uniprovinciais, estas últimas no exercicio das competencias que corresponden ás deputacións provinciais, cando o proxecto afecte un conxunto de municipios de poboación superior a 50.000 habitantes.

c) As entidades locais comprendidas nas alíneas b), c) e d) do artigo 3.2 da Lei 7 /1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (comarcas, áreas metropolitanas, mancomunidades de municipios), en canto teñan competencias de execución de obras e o proxecto afecte un conxunto de municipios de poboación superior ós 50.000 habitantes.

Artigo 4. *Enquisa de infraestrutura e equipamentos locais.*

1. O instrumento obxectivo básico de análise e valoración das necesidades de dotacións locais para efectos da cooperación económica local do Estado será a Enquisa de infraestrutura e equipamentos locais, elaborada segundo metodoloxía común polas deputacións provinciais, coa colaboración técnica do Ministerio de Administracións Públicas.

2. A finalidade da enquisa é coñecer a situación das infraestruturas e equipamentos de competencia municipal, formando un inventario de ámbito nacional, de carácter censal, con información precisa e sistematizada dos municipios con poboación inferior a 50.000 habitantes.

3. A actualización e mantemento da Enquisa de infraestrutura e equipamentos locais será efectuada polas entidades que participan na súa elaboración. Corresponde ó Ministerio de Administracións Públicas o seguimento destas tarefas e a colaboración económica nelas, así como o fomento da súa ampliación a outras entidades locais.

CAPÍTULO II

Plans provinciais e insulares de cooperación ás obras e servicios de competencia municipal

Artigo 5. *Distribución territorial das subvencións.*

1. Para a determinación da distribución territorial das subvencións teranse en conta tanto as necesidades de infraestrutura e equipamento, avaliadas a través da información contida na Enquisa de infraestrutura e equipamentos locais, como a capacidade financeira das facendas correspondentes e outros factores que indiquen o nivel socioeconómico territorial e a execución dos plans precedentes.

2. O Ministerio de Administracións Públicas, de acordo cos criterios contidos no número anterior, determinará os correspondentes indicadores e a súa ponderación, que serán sometidos previamente a informe da Comisión Nacional de Administración Local.

3. Compete ó Ministerio de Administracións Públicas, a través da Secretaría de Estado de Organización Territorial do Estado, a aprobación da distribución territorial, por provincias e illas, das asignacións do Estado destinadas ás contribucións a plans provinciais e insulares, a cal será efectuada e comunicada ás deputacións provinciais no mes de xaneiro do exercicio orzamentario correspondente.

Artigo 6. *Contía das subvencións.*

1. A subvención do Estado ós investimentos dos plans provinciais e insulares de cooperación poderá alcanzar ata:

a) O 50 por cento do importe do orzamento consignado no plan, para as obras e servicios de carácter obrigatorio enumerados no artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

b) O 40 por cento do importe do orzamento consignado no plan, para as restantes obras e servicios que, sen seren obrigatorios, sexan de competencia municipal, de acordo co establecido no artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

c) O 50 por cento do importe do orzamento consignado no plan, para as obras de mellora e conservación da rede viaria de titularidade das deputacións provinciais.

2. As porcentaxes de financiamento do Estado para as obras e servicios indicados nas alíneas a) e b) anteriores poderán incrementarse ata o 60 e 50 por cento, respectivamente, cando sexan de carácter supramunicipal. Neste suposto, para a determinación dos servicios que se consideran obrigatorios, terase en conta a totalidade da poboación dos municipios afectados.

Artigo 7. *Condicións para a obtención de subvención estatal.*

1. Sen prexuízo dos requisitos establecidos no texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, e dos criterios fixados para a distribución territorial das subvencións, unicamente poderán obter subvención do Estado aqueles plans provinciais e insulares de cooperación que cumpran as seguintes condicións:

a) Que no seu financiamento contribúan os concellos e demais entidades locais titulares das obras e servicios, sen que a contribución destes poida ser inferior ó cinco por cento do importe dos correspondentes proxectos.

b) Que a contía do investimento anual das obras incluídas nos plans non sexa inferior a 30.000 euros.

2. O Ministerio de Administracións Públicas poderá establecer outros criterios e condicións no emprego da subvención estatal que sexan determinantes para a concesión, de acordo coa autorización contida no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e o número 6 do artigo 81 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto legislativo 1091/1988, do 23 de setembro.

Artigo 8. Elaboración e aprobación dos plans provinciais e insulares de cooperación.

1. De conformidade co previsto no artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e nos artigos 32 e 33 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, as deputacións provinciais, os cabidos e consellos insulares e as comunidades autónomas uniprovinciais non insulares aprobarán os plans provinciais e insulares de cooperación ás obras e servicios de competencia municipal e de rede viaria local, se é o caso, tendo en conta a distribución territorial das subvencións aprobada polo secretario de Estado de Organización Territorial do Estado.

2. As mesmas entidades enumeradas no número anterior elaborarán e aprobarán tamén un plan complementario para a aplicación dos remanentes das subvencións estatais que se puidesen orixinar.

3. Os plans provinciais e insulares e o plan complementario serán elaborados necesariamente coa participación dos municipios, segundo existe o artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, e someteranse ó réxime de publicidade legalmente establecido.

4. Poderán ser subvencionadas con cargo á contribución do Estado ós plans provinciais e insulares, ademais dos investimentos dos municipios, provincias e illas, os investimentos das entidades locais comprendidas no artigo 3.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, sempre que estas entidades teñan competencias de execución de obras e prestación de servicios de carácter municipal.

Artigo 9. Informes.

1. As deputacións provinciais remitirán os plans de cooperación, unha vez aprobados, ó subdelegado do Goberno, para seren sometidos a informe.

As comunidades autónomas uniprovinciais non insulares remitirán os plans, para seren sometidos a informe, ó delegado do Goberno, se non houber subdelegado do Goberno, e os cabidos e consellos insulares, ó director insular.

2. Así mesmo, os plans provinciais e insulares de cooperación serán sometidos a informe das comisións provinciais de colaboración do Estado coas corporacións locais, de conformidade co artigo 29.2.c) da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.

3. Os informes deberanse pronunciar sobre o cumprimento dos obxectivos e criterios fixados polo Estado para o outorgamento da subvención e deberán ser emitidos no prazo de 10 días desde a recepción dos plans. Transcorrido o prazo sen que o informe solicitado fose emitido, poderanse proseguir as actuacións.

Artigo 10. Remisión ó Ministerio de Administracións Públicas.

1. O plan provincial ou insular de cooperación, definitivamente aprobado e acompañado do correspondente expediente administrativo, remitirase ó Ministerio de Administracións Públicas, ata o 31 de marzo do ano

correspondente ó plan, a fin de que, comprobada a súa conformidade coa lexislación aplicable, se inicie a tramitación da correspondente subvención. Se non se produce a notificación da citada conformidade ou, se for o caso, das deficiencias observadas, no prazo máximo de 45 días naturais desde a data de recepción do plan, entenderase que o dito ministerio prestou a súa conformidade a aquel.

2. Na memoria que debe acompañalo plan, as deputacións provinciais xustificarán que a súa elaboración se baseou nos datos contidos na Enquisa de infraestructura e equipamentos locais e, en xeral, en criterios obxectivos para a distribución dos fondos.

Artigo 11. Prazo para a adxudicación das obras.

1. As obras incluídas nos plans provinciais e insulares de cooperación con subvención do Estado deberán ser adxudicadas ou acordada a súa execución pola propia Administración dentro do ano de aprobación do plan, salvo que estean incluídas nalgún instrumento de planificación, e antes do 1 de outubro do exercicio correspondente, salvo casos excepcionais, a xustificación dos cales será apreciada polo Ministerio de Administracións Públicas. En todo caso, este prazo non poderá ser posterior ó 1 de novembro do dito exercicio.

2. A adxudicación ou a adopción do acordo de execución pola propia Administración fóra dos prazos previstos no número anterior carretará a perda da subvención estatal por incumprimento das condicións impostas con motivo da concesión da subvención.

Artigo 12. Libramento das subvencións.

1. Con base nas certificacións de adxudicación das obras subvencionadas incluídas nos plans provinciais e insulares de cooperación ou nos acordos de execución das obras pola propia Administración, se é o caso, o Ministerio de Administracións Públicas librará ás deputacións provinciais o 75 por cento do importe da súa contribución. Cando se inclúan nos plans obras de carácter plurianual, a dita porcentaxe fará referencia á anualidade correspondente.

2. O 25 por cento restante remitirase ó recibirse a certificación final de obra e a acta de recepción desta, ou a certificación correspondente á terminación da obra que se vaia realizar en cada anualidade, no suposto de investimentos de carácter plurianual.

3. A documentación xustificativa para o cobro do 75 por cento da subvención deberá remitirse ó Ministerio de Administracións Públicas antes do 1 de decembro do exercicio correspondente a aquela, e a do cobramento do 25 por cento restante, antes do 1 de decembro do exercicio posterior.

Artigo 13. Información sobre o estado de execución das obras.

As deputacións provinciais remitirán ó Ministerio de Administracións Públicas, dentro dos meses de xaneiro e xullo, unha relación das certificacións de obras ou de gastos, se as obras foron realizadas pola Administración, que fosen aprobadas durante o semestre natural anterior ós meses sinalados.

Artigo 14. Prazo para a liquidación dos plans de cooperación.

1. Os plans provinciais e insulares de cooperación deberán quedar totalmente executados antes do 1 de novembro do ano seguinte a aquel en que fose concedida a subvención.

Non obstante, en supostos excepcionais, a xustificación dos cales será apreciada polo Ministerio de Administracións Públicas, poderá este departamento conceder unha prórroga ó prazo de execución que non poderá exceder dos tres anos desde a data de adxudicación da obra ou do acordo da súa execución pola Administración.

2. As deputacións provinciais deberán remitir ó Ministerio de Administracións Públicas, dentro dos tres meses seguintes ó vencemento do prazo de execución, copia da liquidación do plan e memoria das realizacións alcanzadas.

3. O incumprimento dos prazos fixados no número 1 carretará o reintegro das cantidades percibidas por incumprimento das condicións impostas con motivo da concesión da subvención, sen prexuízo dos demais supostos de reintegro determinados nos artigos 81 e 82 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 1091/1988, do 23 de setembro.

4. Non obstante o anterior, cando as obras non fosen terminadas no prazo xeral ou no de prórroga, pero o investimento realizado en prazo sexa susceptible de ser entregado ó uso ou servizo público conforme o previsto no artigo 147.5 do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, a obriga de reintegro limitarase ó importe da subvención non aplicado nos investimentos realizados en prazo e susceptibles de entrega.

Artigo 15. *Aplicación dos remanentes.*

1. Constitúen remanentes das subvencións estatais ós plans provinciais e insulares de cooperación os xerados por:

a) As baixas que se produzan na adxudicación dos contratos.

A contía dos remanentes calcularase tendo en conta a porcentaxe que representa a subvención do Estado respecto ó orzamento aprobado no plan.

b) As baixas que se produzan pola anulación dun proxecto ou a redución do seu orzamento.

2. Os remanentes de subvención do Estado poderán ser utilizados no financiamento das obras recollidas no plan complementario a que fai referencia o artigo 8.

Cando se produzan baixas na contratación dunha obra e a porcentaxe de subvención estatal inicialmente prevista naquela non alcanzase os límites establecidos no artigo 6, a deputación provincial poderá optar por mante-la totalidade da subvención ata os ditos límites ou aplica-lo remanente segundo o disposto no parágrafo anterior.

3. A utilización dos citados remanentes deberase levar a cabo no exercicio correspondente ó plan e a súa adxudicación ou acordo de execución pola propia Administración deberase realizar antes do 1 de decembro do dito exercicio.

4. A certificación de adxudicación ou o acordo de execución pola propia Administración mediante os que se aplicasen os remanentes deberase remitir ó Ministerio de Administracións Públicas ata o 15 de decembro do mesmo exercicio.

CAPÍTULO III

Intervencións comunitarias cofinanciadas polo Programa de cooperación económica local

Artigo 16. *Ámbito de aplicación.*

As disposicións deste capítulo serán de aplicación ás distintas intervencións comunitarias aprobadas pola Comisión da Unión Europea e cofinanciadas polo Estado a través do Programa de cooperación económica local.

Artigo 17. *Distribución territorial das subvencións.*

Para a determinación da distribución territorial das subvencións do Estado teranse en conta os obxectivos establecidos no propio programa aprobado pola Unión Europea, ben como a situación socioeconómica e territorial das zonas afectadas, o desequilibrio económico e o grao de execución dos plans precedentes.

Artigo 18. *Contía das subvencións.*

A contía da subvención estatal será a resultante dos respectivos programas.

Artigo 19. *Plans de investimento.*

1. As deputacións provinciais, cabidos e consellos insulares e comunidades autónomas uniprovinciais elaborarán coa participación dos municipios e aprobarán os plans de investimento que vaian ser obxecto de cofinanciamento pola Unión Europea e polo Ministerio de Administracións Públicas, así como un plan complementario para a aplicación dos remanentes que se puidesen orixinar. Na súa elaboración e aprobación, os plans de investimento e os plans complementarios someteranse ós requisitos establecidos nos respectivos programas comunitarios, e, no referente á xestión e tramitación da subvención do Estado, ó procedemento, petición de informes e remisión ó Ministerio de Administracións Públicas regulados nos artigos 8, 9 e 10.

2. A xestión e tramitación das subvencións do Estado axustarase tamén ás disposicións que regulan os prazos de adxudicación das obras, os prazos e requisitos para o libramento das subvencións, o trámite de información sobre o estado de execución das obras, o prazo para a liquidación dos plans e a aplicación de remanentes contidos nos artigos 11 a 15.

CAPÍTULO IV

Proxectos singulares de desenvolvemento local e urbano

Artigo 20. *Obxectivos.*

O obxectivo desta liña de axuda é impulsa-lo desenvolvemento local e urbano, mediante o cofinanciamento coas entidades locais da execución de proxectos singulares que contribúan a dinamiza-lo crecemento na zona.

Artigo 21. *Contía das subvencións.*

A subvención do Estado destinada ó cofinanciamento dos proxectos singulares poderá atinxir ata o 50 por cento do importe do proxecto. Para a obtención da subvención será necesario que no seu financiamento contribúan os concellos e demais entidades locais titulares das obras, sen que a achega destes poida ser inferior ó 15 por cento dos correspondentes proxectos.

Artigo 22. *Aprobación de proxectos. Informes.*

1. Os proxectos serán aprobados polo órgano competente da entidade local, segundo as regras de distribución de competencias da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

2. O proxecto, xunto con a súa documentación complementaria, someterase a informe do subdelegado do Goberno na provincia, do director insular da Administración do Estado ou do delegado do Goberno nas comunidades autónomas uniprovinciais non insulares, se non houber subdelegado do Goberno.

3. Igualmente, os proxectos serán sometidos a informe das comisións provinciais de colaboración do Estado coas corporacións locais, de conformidade co artigo 29.2.c) da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.

4. Os informes citados nos números anteriores referiranse á incidencia no territorio dos correspondentes proxectos e pronunciaranse sobre a concorrencia dos requisitos fixados neste capítulo para a obtención de subvención estatal e sobre o grao de cumprimento dos criterios de selección enumerados no artigo 25. Deberán ser emitidos no prazo de 10 días desde a recepción do proxecto. Transcorrido o prazo sen que o informe solicitado fose emitido, poderanse proseguir as actuacións.

Artigo 23. *Solicitudes de subvención. Lugar e prazo de presentación.*

1. As solicitudes de subvención dirixiranse á Dirección Xeral para a Administración Local do Ministerio de Administracións Públicas, xunto coa súa documentación complementaria e os informes preceptivos, e presentaranse en calquera dos rexistros e oficinas previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. As solicitudes presentaranse antes do día 1 de marzo do exercicio no que se solicita a subvención.

Artigo 24. *Documentación complementaria.*

As solicitudes de subvención irán acompañadas da seguinte documentación:

a) O proxecto técnico do que se pretende a execución.

b) Certificación expedida polo secretario da entidade local ou funcionario que teña a fe pública, no que se faga constar:

1.º Acordo de aprobación do proxecto.

2.º Acordo de solicitude da subvención, adoptado por órgano competente, con indicación da contía solicitada e da porcentaxe que representa respecto ó custo total.

3.º Compromiso de habilitación de crédito para financiarlo importe do proxecto na parte que non vai ser obxecto de subvención polo Ministerio de Administracións Públicas.

4.º O réxime de financiamento, no que se reflicta o financiamento mínimo que se compromete a achega-la entidade titular da obra.

5.º Axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade, procedentes doutras administracións públicas ou provenientes de fondos comunitarios.

c) Memoria descritiva do proxecto e das actuacións que comprende, na que se recollerá, polo menos:

1.º A denominación do proxecto e os obxectivos que se pretenden conseguir coa súa execución.

2.º A inclusión do proxecto, se é o caso, nun plan estratéxico de desenvolvemento derivado dun proxecto integral da zona.

3.º A forma na que a execución do proxecto contribuirá a un maior desenvolvemento local ou urbano no territorio afectado.

4.º A sustentabilidade económica, social e ambiental do investimento a longo prazo.

5.º A aplicación, se for o caso, de novas tecnoloxías e a idoneidade para xerar unha secuencia expansiva do desenvolvemento na zona.

6.º A localización dos investimentos e a relación de municipios afectados, se a obra é supramunicipal.

7.º A dispoñibilidade dos terreos, salvo naqueles casos nos que este requisito está dispensado no texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño, así como a dispoñibilidade das autorizacións que foren precisas.

d) Cando for o caso, memoria xustificativa da concorrencia no municipio ou nos municipios dalgunha das circunstancias enumeradas nas alíneas a), b), c) e d) do artigo 65 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril.

Artigo 25. *Selección dos proxectos.*

Unha comisión de valoración presidida polo director xeral para a Administración Local, a composición e funcionamento da cal serán regulados por orde do ministro de Administracións Públicas, avaliará os proxectos en función dos requisitos establecidos neste real decreto, para o cal terá en conta, ademais dos informes sinalados no artigo 22, os seguintes criterios de selección:

a) Que o municipio ou os municipios afectados se encontren nalgunha das circunstancias obxectivas enumeradas nas alíneas a), b) c) e d) do artigo 65 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril.

b) Que o proxecto se inclúa nun plan estratéxico de desenvolvemento derivado dun proxecto integral da zona.

c) Que o investimento proxectado contribúa a un maior desenvolvemento local ou urbano e a palia-lo desemprego nos territorios afectados.

d) Que se desprenda a sustentabilidade económica, social e ambiental do investimento a longo prazo.

e) Que incorpore a aplicación de novas tecnoloxías e sexa susceptible de xerar unha secuencia expansiva do desenvolvemento na zona.

Artigo 26. *Proposta de resolución.*

A comisión de valoración, por conducto do seu presidente, elevará proposta de resolución ó secretario de Estado de Organización Territorial do Estado antes do día 1 de xuño do exercicio correspondente.

Artigo 27. *Resolución.*

1. O secretario de Estado de Organización Territorial do Estado resolverá as solicitudes presentadas no prazo de 15 días desde a recepción da proposta de resolución. Transcorrido o prazo sen que se dictase unha resolución expresa, entenderanse desestimadas as solicitudes, conforme o previsto na disposición adicional vixésimo novena da Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, en relación co artigo 44.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Dictada a oportuna resolución, que será motivada, notificaráselle á entidade interesada dentro do prazo previsto no número anterior, así como, para efectos de coñecemento, ás subdelegacións, direccións insulares ou delegacións do Goberno respectivas, segundo corresponda.

Artigo 28. *Prazo para a adxudicación das obras.*

1. As obras obxecto de subvención deberán ser adxudicadas ou acordada a súa execución pola propia

Administración antes do 1 de outubro do exercicio correspondente, salvo casos excepcionais a xustificación dos cales será apreciada polo Ministerio de Administracións Públicas. En todo caso, o prazo non poderá ser posterior ó 1 de novembro dese exercicio.

2. A adxudicación ou o acordo de execución pola propia Administración fóra dos prazos previstos no número anterior carretará a perda da subvención estatal por incumprimento das condicións impostas con motivo da concesión da subvención.

Artigo 29. *Libramento das subvencións.*

1. As entidades locais beneficiarias deberán remitir á Dirección Xeral para a Administración Local a certificación de adxudicación das obras subvencionadas ou, se for o caso, o acordo de execución directa pola propia Administración, antes do día 1 de decembro do exercicio da concesión.

2. Con base nas certificacións de adxudicación das obras subvencionadas, ou nos acordos de execución pola propia Administración, o Ministerio de Administracións Públicas librará ás entidades beneficiarias o cento por cento da subvención.

Artigo 30. *Información sobre o estado de execución das obras.*

As entidades locais beneficiarias remitirán ó Ministerio de Administracións Públicas, dentro dos meses de xaneiro e xullo, unha relación das certificacións de obras ou de gastos, se as obras foron realizadas pola Administración, que fosen aprobadas durante o semestre natural anterior ós meses sinalados.

Artigo 31. *Prazo para a execución das obras.*

1. Os proxectos obxecto de subvención deberán quedar totalmente executados antes do 1 de novembro do ano seguinte a aquel en que fose concedida a subvención.

2. Non obstante, en supostos excepcionais, a xustificación dos cales será apreciada polo Ministerio de Administracións Públicas, este departamento poderá conceder unha prórroga ó prazo de execución dunha duración que se fixará en función das circunstancias que concorran na obra concreta e que, en todo caso, non poderá excederlos catro anos desde a data de adxudicación da obra ou do acordo da súa execución pola Administración.

Artigo 32. *Prazo para a xustificación da subvención.*

1. As entidades locais beneficiarias deberán remitir ó Ministerio de Administracións Públicas, dentro dos tres meses seguintes ó vencemento do prazo de execución, a certificación final de obra e a acta de recepción.

2. O incumprimento dos prazos de execución fixados no artigo anterior carretará a obriga de reintegrar as cantidades percibidas por incumprimento das condicións impostas con motivo da concesión da subvención, sen prexuízo dos demais supostos de reintegro determinados nos artigos 81 e 82 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 1091/1988, do 23 de setembro.

3. Non obstante o anterior, cando as obras non fosen terminadas no prazo xeral ou no de prórroga, pero o investimento realizado en prazo sexa susceptible de ser entregado ó uso ou servizo público conforme o previsto no artigo 147.5 do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, a obriga de reintegro limitarase ó importe da subvención non aplicado nos investimentos susceptibles de entrega.

Disposición adicional primeira. *Cofinanciamento dos plans de cooperación e dos proxectos singulares.*

1. Con independencia das subvencións reguladas neste real decreto, os plans provinciais e insulares de cooperación e os proxectos singulares de desenvolvemento local e urbano poderán recibir contribucións adicionais dos fondos estruturais comunitarios, se é o caso, así como das subvencións que acorden as comunidades autónomas con cargo ós seus respectivos orzamentos.

2. Os supostos de cofinanciamento serán lles de aplicación os límites establecidos no artigo 81.8 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 1091/1988, do 23 de setembro.

Disposición adicional segunda. *Contribución estatal ó Plan Único de Obras e Servizos da Comunidade Autónoma de Cataluña.*

De acordo co previsto na regra novena do artigo 153.2 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 1091/1988, do 23 de setembro, na redacción dada polo artigo 136 da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, e co artigo 2 do Real decreto 2115/1978, do 26 de xullo, sobre transferencia de competencias da Administración do Estado á Generalitat de Cataluña en materia de interior, en relación coa disposición transitoria sexta.6 do Estatuto de autonomía de Cataluña, a cooperación económica do Estado ós investimentos das entidades locais incluídas no Plan Único de Obras e Servizos da Comunidade Autónoma de Cataluña realizarase a través da Generalitat, nos seguintes termos:

a) As achegas do Estado ó Plan Único de Obras e Servizos da Comunidade Autónoma de Cataluña, con cargo ó Programa de cooperación económica local do Estado, incluíndose os proxectos relativos á rede viaria local, determinadas de acordo co establecido no artigo 5.2 deste real decreto, serán territorializadas anualmente na correspondente Lei de orzamentos xerais do Estado. O crédito correspondente librarase á Comunidade Autónoma de Cataluña, como subvención xestionada, de acordo co artigo 153 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 1091/1988, do 23 de setembro.

b) Non serán de aplicación á Comunidade Autónoma de Cataluña as normas relativas á elaboración, aprobación e execución dos plans provinciais e insulares de cooperación contidas nos artigos 8 a 15 deste real decreto.

c) A Comunidade Autónoma de Cataluña remitirá ó Ministerio de Administracións Públicas información sobre o Plan Único de Obras e Servizos unha vez aprobado.

d) Compete á Generalitat de Cataluña elaborala Enquisa de infraestrutura e equipamentos locais relativa ó seu territorio, da cal se subministrará información ó Ministerio de Administracións Públicas, a quen lle corresponde a colaboración técnica e económica na súa elaboración e mantemento segundo o disposto no artigo 4 deste real decreto.

e) O previsto na disposición adicional primeira deste real decreto respecto ó cofinanciamento con cargo ós fondos estruturais comunitarios será de aplicación tamén ó Plan Único de Obras e Servizos da Comunidade Autónoma de Cataluña.

Disposición adicional terceira. *Elaboración dos plans das cidades de Ceuta e Melilla.*

As cidades de Ceuta e Melilla elaborarán, aprobarán e executarán os correspondentes plans.

Disposición adicional cuarta. *Utilización de medios electrónicos, informáticos e telemáticos.*

As entidades locais beneficiarias remitirán ó Ministerio de Administracións Públicas utilizando preferiblemente medios electrónicos e telemáticos, polo menos, a seguinte información:

a) Os plans provinciais e insulares, os plans de investimento e os proxectos singulares, unha vez aprobados, ben como as súas eventuais modificacións.

b) A relación das certificacións de obras ou de gastos, se as obras foron realizadas pola Administración, que fosen aprobadas durante o semestre natural anterior ós meses sinalados, para efectos de seguimento do estado de execución.

O Ministerio de Administracións Públicas determinará, logo de informe da Subcomisión de Cooperación coa Administración Local, as técnicas e medios electrónicos, informáticos e telemáticos que poderán ser utilizados para a tramitación das subvencións a que fai referencia este real decreto.

Disposición adicional quinta. *Expropiación forzosa.*

De conformidade co previsto no artigo 10 da Lei do 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa, a aprobación dos plans provinciais e insulares de cooperación e dos plans de investimento, regulados respectivamente nos capítulos II e III deste real decreto, implicará a declaración de utilidade pública para as obras e servicios incluídos naqueles e a necesidade de ocupación dos terreos e edificios para efectos da súa expropiación forzosa.

Disposición adicional sexta. *Determinación do número de habitantes.*

A determinación do número de habitantes efectuarase en función das cifras de poboación resultantes da última revisión do padrón municipal, declaradas oficiais por real decreto e publicadas anualmente polo Instituto Nacional de Estatística.

Disposición adicional sétima. *Adaptación de referencias.*

As referencias ás deputacións provinciais contidas no texto deste real decreto entenderanse dirixidas, nos casos en que proceda, ós cabidos e consellos insulares, ben como ás comunidades autónomas uniprovinciais.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 1328/1997, do 1 de agosto, polo que se regula a cooperación económica do Estado ós investimentos das entidades locais, e cantas outras disposicións de igual ou inferior categoría se opoñan ó establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Facultade de desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Administracións Públicas para dictar, no ámbito das súas competencias, as normas necesarias para a aplicación e desenvolvemento do previsto neste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2004.

Dado en Madrid, o 27 de xuño de 2003.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Administracións Públicas,
JAVIER ARENAS BOCANEGRA

MINISTERIO DE SANIDADE E CONSUMO

13982 *REAL DECRETO 905/2003, do 11 de xullo, polo que se modifica a disposición transitoria única do Real decreto 175/2001, do 23 de febreiro, polo que se aproban as normas de correcta elaboración e control de calidade de fórmulas maxistrais e preparados oficinais. («BOE» 166, do 12-7-2003.)*

O Real decreto 175/2001, do 23 de febreiro, polo que se aproban as normas de correcta elaboración e control de calidade de fórmulas maxistrais e preparados oficinais, desenvolveu os artigos 35 e 36 da Lei 25/1990, do 20 de decembro, do medicamento.

Este real decreto, debido á incorporación de novas formas galénicas ás xa tradicionais e ó progresivo emprego de fármacos cada vez máis potentes, estableceu as medidas necesarias para que a actividade profesional nas oficinas de farmacia e servicios farmacéuticos relativa á formulación maxistral e preparación oficial, se axustase co necesario rigor a pautas procedementais estrictas e fielmente reproducibles.

Por outra parte, a disposición transitoria única do citado real decreto estableceu un período transitorio de dous anos a partir da súa entrada en vigor, isto é, ata o 17 de marzo de 2003, para que as oficinas de farmacia e servicios farmacéuticos adaptasen as súas actividades ó establecido na dita norma regulamentaria.

Sen embargo, púxose de manifesto que o prazo inicialmente previsto resulta insuficiente para unha adaptación gradual e o menos gravosa posible ós requisitos previstos no mencionado Real decreto 175/2001. Estas circunstancias foron postas de manifesto polo sector farmacéutico afectado, e puideron ser constatadas polas autoridades sanitarias competentes en materia de inspección farmacéutica da Administración xeral do Estado e das comunidades autónomas. Neste sentido, tívose en conta, para os efectos desta norma, que un elevado número de oficinas de farmacia e servicios farmacéuticos levan a cabo a actividade de formulación maxistral e preparación oficial, así como a contía dos investimentos que en moitos casos supón a súa adaptación ás esixencias do Real decreto 175/2001.

De conformidade co exposto, este real decreto vén modificarlo Real decreto 175/2001, do 23 de febreiro, polo que se aproban as normas de correcta elaboración de fórmulas maxistrais e preparados oficinais, concedendo un novo prazo de adaptación para as oficinas de farmacia e servicios farmacéuticos ata o 1 de xaneiro de 2004.

Este real decreto ten carácter de lexislación de produtos farmacéuticos para os efectos previstos no artigo 149.1.16.^a da Constitución, e de conformidade co disposto no artigo 2.1 da Lei 25/1990, do 20 de decembro, do medicamento.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Sanidade e Consumo, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 11 de xullo de 2003,

DISPÓÑO:

Artigo único. *Prazo de adaptación previsto na disposición transitoria única do Real decreto 175/2001, do 23 de febreiro, polo que se aproban as normas de correcta elaboración e control de calidade de fórmulas maxistrais e preparados oficinais.*

As oficinas de farmacia e os servicios farmacéuticos que elaboren fórmulas maxistrais e preparados oficinais